

# INSPIRACIENCIA

## BASES 2021

### Obxecto

Inspiraciencia é un concurso de relatos de inspiración científica. É unha iniciativa que relaciona ciencia e escritura dun xeito lúdico, un espazo aberto para pensar e imaxinar a ciencia desde a ficción. O seu obxectivo é fomentar a achega ao pensamento científico, de forma libre e persoal, a través da creación literaria, e explorar realidades antes non imaxinadas.

1. Pode participar calquera persoa que presente un relato orixinal, en calquera das linguas do concurso (catalán, castelán, éuscaro e galego), que estea inspirado nunha temática científica.
2. Os orixinais deben estar escritos en catalán, castelán, éuscaro ou galego. Deben ser inéditos e non ser premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ser publicados nun medio ou blog persoal.

### Modalidade e categorías

3. O concurso ten unha única modalidade competitiva: Relato curto dunha extensión máxima de 800 palabras.
4. Os participantes poden participar nunha das seguintes categorías:
  - Adulto (a partir de 18 anos), enténdese que os participantes son maiores de idade na data de peche do prazo de presentación de relatos.
  - Mozo (de 12 a 17 anos), é dicir, os participantes son menores de 18 anos na data de peche do prazo de presentación de relatos.
5. Cada participante pode presentar un máximo de catro relatos, sempre que estean escritos en linguas distintas. Os relatos dun mesmo participante deben ser orixinais e non se pode presentar o mesmo relato en linguas distintas.
6. O profesorado que promove a participación do alumnado con polo menos un relato na categoría Nova do concurso poderá optar ao premio especial «De ciencias e de letras».

### Presentación dos relatos

7. Os orixinais deben presentarse a través do web: [inspiraciencia.es](http://inspiraciencia.es). Previamente, os participantes deben rexistrarse. A data de nacemento establece a categoría (Mozo ou Adulto) na que se participa.
8. Os participantes poden acceder á súa conta cun nome de usuario e un contrasinal. O pseudónimo é o nome co que asinarán os relatos. O nome do concursante non será público a non ser que resulte gañador ou finalista.



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE CIENCIA  
E INNOVACIÓN



CSIC



FUNDACIÓN ESPAÑOLA  
PARA LA CIENCIA  
Y LA TECNOLOGÍA

# INSPIRACIENCIA

9. Cada participante pode enviar un relato en calquera das linguas do concurso. Os gañadores dunha edición, para unha categoría e lingua, non poderán presentarse para a mesma categoría e lingua nas dúas seguintes edicións.

10. Para optar ao premio especial De ciencias e de letras o profesorado deberá rexistrarse e explicar no formato que desexe (texto, presentación, vídeo) o proceso seguido na aula para a participación do alumnado e selección de relatos. Dita explicación enviarase a través dun formulario habilitado na web.

11. O prazo de presentación de relatos finaliza o 13 de xuño de 2021.

## Premios

12. O acto de entrega de premios terá lugar en Zaragoza en setembro. A data anunciarase con antelación.

13. O concurso prevé un premio institucional para cada categoría e lingua, e un premio do público por categoría. Este ano, ademais, o premio institucional outorgará o premio especial «De ciencias e de letras» de cada categoría.

14. Os premios serán dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura e a subscrición a revistas de divulgación. O premio «De ciencias e de letras» será unha experiencia relacionada co proceso de creación dun dos espectáculos ideados para a gala de Inspiraciencia.

15. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que os orixinais presentados non alcanzan a calidade mínima necesaria.

## Xurado e criterios de valoración

16. Para os premios institucionais designarase un xurado para valorar as contribucións e propoñer as obras gañadoras. Estará formado por persoas do ámbito da ciencia, a literatura, a arte, a divulgación, e anunciarase previamente.

A comisión organizadora traballa para que os relatos se publiquen na web. Encárgase tamén de facer a preselección de relatos que pasará ao xurado, mediante un sistema de dobre moderación.

17. Para valorar os relatos terase en conta a adecuación á temática, a calidade literaria, a orixinalidade na formulación, a estrutura e a coherencia da narración, así como o estilo, a creatividade e a imaxinación.

18. Para o premio «De ciencias e de letras» terase en conta a calidade do proceso de creación e selección de relatos na aula, o grao de interdisciplinidade e de motivación do alumnado.

19. O premio do público decídese a través dunha votación en liña aberta a todas as persoas. O público premia o relato máis votado de cada categoría, con independencia da lingua na que se escribiu.



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE CIENCIA  
E INNOVACIÓN



CSIC



FUNDACIÓN ESPAÑOLA  
PARA LA CIENCIA  
Y LA TECNOLOGÍA

# INSPIRACIENCIA

20. A votación faise sobre a mesma selección de relatos que pase ao xurado. Para votar haberá que rexistrarse. Cada persoa pode dar un voto por relato, sen restrición do número de relatos a votar, a través do formulario habilitado.

## Participación

21. A participación neste concurso presupón a aceptación das bases.

22. Os relatos gañadores poderán ser publicados en medios físicos e dixitais, sempre mencionando a autoría.

Barcelona, 10 de marzo de 2021



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE CIENCIA  
E INNOVACIÓN



CSIC



FUNDACIÓN ESPAÑOLA  
PARA LA CIENCIA  
Y LA TECNOLOGÍA